

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

DETERMINACIÓN DA DOTACIÓN ECONÓMICA PARA O FUNCIONAMENTO DOS GRUPOS MUNICIPAIS

ANUNCIO:

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria de 19.06.2019, adoptou, por unanimidade (25) o seguinte acordo:

Primeiro.—De acordo co disposto no artigo 73.3 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local asignar aos grupos políticos municipais a seguinte dotación económica mensual, para o seu adecuado funcionamento, con cargo ó presuposto municipal:

- Cantidade fixa mensual: 2.700 euros para cada un dos grupo políticos municipais.
- Cantidade variable mensual en función do número de concelleiros que integran o grupo político municipal: 300 euros por cada membro do grupo.

A citada dotación económica ten natureza de subvención nos termos establecidos na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, en relación coa Disposición Adicional segunda da LO8/2007 de 4 de xullo sobre financiamento dos partidos políticos. Considéranse beneficiarios desta subvención os grupos políticos municipais legalmente constituídos.

Segundo.—As dotacións económicas asignadas aboaranse na conta designada por cada grupo político municipal, grupo que deberá comunicar un código de identificación fiscal propio e levar unha contabilidade específica da dotación, que terá a disposición do Pleno da Corporación no caso de que lla requira para a súa fiscalización.

No tocante aos gastos financiáveis, así como a súa xustificación, estarase ao disposto nas bases de execución orzamentaria.

En todo caso as devanditas cantidades non poderán destinarse ao pago de remuneracións do persoal de calquera tipo ao servizo da Corporación, nin á adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Terceiro.—Adoptaranse as medidas procedentes para a suplementación dos créditos orzamentarios se as dotacións existentes resultaren insuficientes e anualmente consignarase cantidade suficiente para facer fronte as obrigas económicas derivadas do cumprimento deste acordo.



Mércores, 10 de xullo de 2019

Núm. 131

Cuarto.—O presente acordo, no marco do art. 8 da Lei 19/2013, de Transparencia e Bo Goberno, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, así como no taboleiro de anuncios do Concello e na web municipal por quince días hábiles, co fin de dar a máxima transparencia.

O que se fai público, coa reserva á que se refire o artigo 92.2 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións (BOP 248, de 28 de decembro de 2005), para o xeral coñecemento e oportunos efectos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: FHOHG670XMKU6JUC

